

BASES CONCILIA SEMANA SANTA

CONCELLO DE VILAR DE SANTOS 2026

O obxecto das presentes bases é dotar ao Concello de Vilar de Santos dun campamento de Semana Santa como oferta lúdica e de desenvolvemento persoal para os nenos e nenas de educación infantil e primaria, ao tempo que se pretende ofrecer ás familias unha posibilidade de conciliación durante o período de vacacións de Semana Santa.

ARTIGO 1. DESTINATARIOS

Este servizo está dirixido a nenos e nenas das etapas de **Educación Infantil e Educación Primaria**, con idades comprendidas entre **3 e 12 anos**.

Terán prioridade absoluta na adxudicación de prazas os nenos e nenas **empadroados no Concello de Vilar de Santos con polo menos 6 meses de antigüidade**.

ARTIGO 2. SOLICITUDE

O prazo de **preinscrición** estará aberto **dende o día 12 de marzo ata o 19 de marzo de 2026 (incluído)**.

A preinscrición poderá realizarse:

- **A través do formulario online habilitado para dita actividade**, ou
- **De maneira presencial nas oficinas do Concello de Vilar de Santos**, en horario de atención ao público.

Rematado o prazo de preinscrición, o **día 20 de marzo** publicarase na web do Concello:

<https://www.vilardesantos.gal/>

o listado de **persoas admitidas e lista de suplentes**.

Ao tratarse de prazas limitadas, terán prioridade os menores empadroados no Concello de Vilar de Santos e, no caso de quedar prazas libres, o criterio de adxudicación será **a orde de inscrición**.

A presentación da preinscrición **non implica a obtención automática de praza**.

ARTIGO 3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Terán prioridade absoluta os nenos e nenas **empadroados no Concello de Vilar de Santos polo menos nos seis meses anteriores á data de inicio da preinscrición.**

A adxudicación de prazas levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios:

- Nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos polo menos nos seis meses anteriores á data de inicio da preinscrición.
- Resto de nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos.
- Nenos e nenas con algún proxenitor empadroado no Concello de Vilar de Santos.
- Nenos e nenas con algún familiar de ata segundo grao de afinidade ou consanguinidade empadroado no Concello de Vilar de Santos.
- Orde de presentación da solicitude.
- Que ambos proxenitores traballen (deberán presentarse os correspondentes contratos de traballo).
- Nivel de renda familiar (para o que se poderá requirir a declaración do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible).

Os solicitantes non admitidos nun primeiro momento pasarán a formar parte dunha **lista de agarda.**

Non se contemplarán solicitudes **fóra do prazo establecido.**

Non serán admitidos os nenos e nenas que non cumpran os requisitos esixidos.

No caso de realizar chamamentos dentro da lista de agarda, seguirase o seguinte criterio:

Realizaranse **un máximo de tres chamadas telefónicas** ao número indicado na solicitude, entre as **9:00 e as 15:00 horas**. De non obter resposta, pasarase ao seguinte solicitante da lista.

ARTIGO 4. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Unha vez publicado o listado de nenos e nenas admitidos/as, que terá lugar o **día 20 de marzo**, ábrese o prazo de **formalización da matrícula dende o 20 ata o 26 de marzo de 2026.**

A matrícula poderá realizarse:

- **A través do formulario online habilitado para dita actividade, ou**
- **De maneira presencial nas oficinas do Concello de Vilar de Santos**, en horario de atención ao público.

No caso de que corresponda realizar copagamento, deberá achegarse o **xustificante do pagamento** dentro do prazo establecido.

De non formalizar a matrícula dentro do prazo indicado, **entenderase que se renuncia á praza**, pasando esta á seguinte persoa da lista de agarda.

ARTIGO 5. HORARIOS E LUGAR DO CAMPAMENTO

O campamento terá lugar nas inmediacións da **Praza do Concello de Vilar de Santos**.

A recepción dos menores realizarase no **Salón de Actos**, entre as **9:00 e as 9:30 horas**.

A recollida realizarase no mesmo lugar **entre as 13:30 e as 14:00 horas**, debendo ser os menores recollidos por un adulto debidamente autorizado.

Os nenos e nenas maiores de **10 anos** poderán marchar sós unicamente naqueles casos nos que os proxenitores o teñan previamente autorizado por escrito.

As persoas que o desexen poderán facer uso da **Aula Concilia** en horario ampliado:

- de **8:00 a 9:00 horas**
- de **14:00 a 14:30 horas**

previa notificación na preinscrición no cadro disposto ao efecto.

O custo deste servizo será de **5 euros por neno/a**, a maiores do custo do campamento de Semana Santa.

O campamento desenvolverase os días:

30 e 31 de marzo, e 1 e 6 de abril de 2026.

ARTIGO 6. PAGAMENTO

O campamento será **gratuito para os nenos e nenas empadroados no Concello de Vilar de Santos**.

Establécese un **copagamento de 10 € para os non empadroados**, así como un **desconto do 50 % para os segundos irmáns**.

Os nenos e nenas suxeitos a copagamento deberán realizar o ingreso do importe correspondente no seguinte número de conta titularidade do Concello de Vilar de Santos:

ABANCA
ES13 2080 5303 0131 1001 1605

nas datas establecidas.

ARTIGO 7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no programa **Concilia Semana Santa 2026** implica a **aceptación íntegra das presentes bases**.